

# Ruído Branco

---

María Cristina Pavón Mauriz

[ 2º Premio ]

**Cristina Pavón Mauriz.** Comezou escribindo letras de cancións e, fan de I. Calvino e Cortázar, pasou aos relatos curtos e escribiu unha morea deles.

Finalista do II Premio de Relatos da Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo (2008), recibe o 1º Premio e a mención especial do III Premio (2009) cos seus relatos “Terapia mnémica” e “Coherencia”. O Premio Liceo de Noia (2008) tamén recoñeceu un dos seus relatos.

Estreouse na narración longa coa novela *Limiar de conciencia*, aínda inédita, finalista no Xerais 2009 e no García Barros 2010.

Chovía a mares e a lonxitude da tarde vista dende as catro menos vinte deume literalmente medo. A escuridade non tardaría en chegar, e que restasen poucas horas de luz non era unha circunstancia que axudase a subirme o ánimo. Vendo que o tempo –meteorolóxico ou de reloxo– non estaba ao meu favor, e que os libros que tiña espallados polo sofá semellaban difíciles de abrir, aferreime a un obxecto máis amable, cando menos nun primeiro momento. O mando da tele. Era a ocasión perfecta para sintonizar esas canles que a veciña me dixerá que tiñamos a maiores, grazas á antena colectiva. Fedellei no mando ata dar cos botóns axeitados e púxeno a percorrer a banda hertziana. Mirei impaciente o ruído branco na pantalla ata me poñer lixeiramente alerta. Se cadra non había xeito esa tarde de non ver chover, ou nevar.

Por fin o rastrexo detívose nunha canle de documentais. Estupendo, sempre quixera ter unha canle de documentais. Deille un número, o nove, e seguín. Apareceu logo de máis neve outra canle, unha de noticias europeas. Pois mira que ben. O dez. Algo máis desa neve hertziana, e o rastrexo parou noutra canle. Víase un estudio co aspecto –iluminación pobre, mobiliario precario case tremelicante– dunha televisión local de cidade pequena. E, sentada á mesa, ela. Non falou, só estivo alí uns instantes, deixándose ver e, malia ter esa cara de esperar a conexión cun corresponsal, tamén sabedora do efecto que estaba a causar. Un efecto de pasmo e incredulidade. Era eu! Maquillada, peiteada e vestida coma unha locutora, pero era eu! Totalmente eu! Tan eu que no primeiro intre creira que era o meu reflexo na pantalla!

Nun segundo que pestanexei, continuou o rastrexo automático da banda e volveu a neve á fiestra catódica. Deille cara atrás, logo adiante, pero non fun quen de volver sintonizar esa canle. Absurdo, tiña que seguir no mesmo sitio. Ou máis ben: absurdo, non tiña que estar en ningures. Pero finalmente: absurdo, xa non daba sintonizado nada nesa franxa. Foran apenas dez segundos, pero máis que abondos para poder verme ben a gusto, para non poder dubidar de que aquela era eu. Sería unha broma dos veciños? De Marga, tiña que ser, en todo caso.

Cando cansei de pasar e repasar pola mesma franxa sen atopar nada, seguí a sintonizar e gardar algunhas canles máis, deixando libre o número once, porque non desesperaba de volvela atopar. Logo puxen un DVD, unha película que xa vira, e precisamente por iso mesmo, pola garantía de saber o que ía atopar. Cando rematei a película xa escurecera e non escampara, pero aínda así fun dar unha volta. Volvín enchoupada, aterecida, pero coa cabeza quente coa teima da canle once. Acendín a tele, collín o mando murmurando “once, once, once” e púxeno a escanear a banda. Canle, neve, canle, neve. Canle. Alí estaba ela. No mesmo plano curto, o de dar as noticias de había moitos anos. Movín unha man estupidamente cun xesto entre saúdo e comprobación de se a imaxe era ou non un reflexo. Reflexo ningún. Era eu, pero tan adobiada, tan estraña, que aínda me quedaba marxe para pensar que non o era, e optei por iso. Claro! Que carallo ía ser eu! O que pasaba e que me ímitaba tantísimo! Atopara a miña sosias, ou como raio se dixer. A miña *sosia*. Vestida case coma a miña nai, pero en moderno, nese estilo formal dela, elegante cando o require a ocasión.

Estaba a convencerme do falso da evidencia cando ela empezou a falar. E alí veume o medo todo xunto, volveume máis ben, porque medo xa o sentira ao verme alí, ao recoñecerme, rara, pero eu. E non era xa que a voz fose a miña –máis modulada, cunha dicción máis coidada, pero a miña–, senón que o que estaba a dicir me resultaba tan abraiante, amosaba de xeito tan irrefragable que aquela era eu, que quedei coa boca aberta e sen respirar ata que o reflexo do corpo me fixo coller alento de súpeto, cun chimplo, tragando á vez o aire e a evidencia de que aquilo estaba a ocorrer por moi imposible que for. Ela entrara directamente ao tema de *“que fas coa túa vida. Márcate uns obxectivos e disciplínate para acadalos. Defínete dunha vez. E se queres volver ao mambo, non te andes con requilorios, se valente, atrévete e dille a Xoaquín o que sentes, o mellor, amósallo de xeito que non lle quede dúbida ningunha, pero non quedes a cavilar se lle dirás isto o aqueloutro”*. Aquilo era moito! Verme alí, falándome á min mesma! Nin sequera me atrevín a dirixirme a palabra, só escoitei con respecto ás análises e suxestións que ela/eu mesma facía sobre a miña, a nosa, vida e relacións, encontrándoas todas extraordinariamente atinadas. *“Só se aprende do sufrimento, e se non queres aguantar á dor para acadar algo, se non es quen, pois vaia merda de vida que che espera. Algo que pague a pena, xa o di a expresión, non vai ser de balde, porque é pagando como o aprendes. Iso vaicho dicir calquera psiquiatra”*.

Grandes verdades todas, que vería como poñer en práctica deseguida. Ao rematar o programa, reparei no logotipo da canle. Once. Eu véndome a min mesma na canle que puñados uns, dúas veces o mesmo e solitario un. Todo estaba cheo de resonancias significativas. Inevitablemente, asaltáronme

pensamentos sobre a miña saúde mental, que desbotei axiña achacando a experiencia á miña excesiva soidade. Dende logo estaba moi soa. Outra vez naquela cidade, onde xa estivera anos atrás á procura tamén de máis claridade no meu interior. Algo que, á vista do meu estado actual, víase que non dera acadado.

Alí non tiña máis amigos que Marga, agarimosa e encantadora, pero coa que non podía coincidir demasiado polos nosos horarios laborais, e máis a súa apertada axenda de nai dun bebé. A separación de Alberto doía amosándose en ducias de pequenos detalles cotiáns e cunha amargura tal que me obrigaba a loitar arreo por controlala para que non me aso-lagase e me arrastrase nunha riada incontible. A separación de Violeta doía máis de tarde en tarde, pero con tiróns que sentía decisivos, irreversibles, para compensar a súa menor frecuencia. A falta de achegamento a Xoaquín doía cunha mestura de rendición e altruísmo, e ese vaivén do covarde ao magnánimo era capaz de marearme ata a náusea. Estaba escandalosamente falta de contacto humano e tamén moi falta de enerxía para buscar compañía. E o máximo era xa que, ao poñer a tele para distraerme e ver calquera cousa, saíra eu, eu mesma, outra vez eu. Algo de patolóxico debía ter aquilo, admitín, pero mentres non doese, optei por tomar a cousa con naturalidade. Busquei en *magazines* e na Internet e non dei atopado nada referente a unha canle Once. Non me atrevín a preguntar directamente a ninguén do edificio, agás Marga, que nunca vira canle tal. Indaguei entre coñecidos e descoñecidos con veladas alusións, se cadra tan veladas que ninguén captou a miña oculta pregunta.

A ignorancia –ou silencio– xeral convenceume de que eu era a única que recibía ese sinal. Era un *poltergeist*, e ao carallo. Só confiaba en que non empezase a voar o mobiliario ou a aparecer remuíños nos armarios, cousa que non aconteceu. Era só eu para min mesma falándome directamente. E claro, resultaba tremendamente impactante. Era unha especie de comunicación cos espíritos, só que a través do aparato, e que o espírito era o meu. Agora si que puña atención. Nin *chi kung* nin *tai chi*, nin introspección nin meditación: televisión! Eu, a eu de fóra, escoitaba como boa espectadora pasiva á eu da tele, que peroraba sen cesar, sempre moi peiteada, sabendo que o tempo nese medio era ouro e que as esixencias do directo non permitían pausas ociosas. *“Esíxete. Se ti non o fas, quen o vai facer, quen vai saber o que queres? Aperta os dentes e tira cara adiante, non sexas chorómicas, nin te deixes levar. Xa comprobaches dabondo que iso non funciona, así que senta e traballa. Debuxa. E se queres chorar, chora, láiate, pero traballa. Non te levantes da cadeira ata ter feito o esforzo, acadas o que acadas. Pero faino, ou non vas sequera intentalo? Os abaneos, as vacilacións, a depresión da falta de confianza, xa os coñeces. E viaxar, saír, vivir cara a xente, xa o fixeches. Xa o fixeches todo menos iso que máis che importa. Vale, sen esaxerar, hai cousas que che importaron máis, ou polo menos tanto. Amores, amigos. Pero agora que estás sen nada diso, aférrate ao que che queda, parva. Traballa neses deseños, non te rendas, non busques excusas”*.

Agora si que me facía caso á min mesma. Xa non dubidaba nin un instante da conveniencia de seguir eses consellos, e ademais empecei a sentir anovadas enerxías para poñelos en práctica. Polo xeito de reconvirme, de encirrarme, empecei a chamar a aquela canle SuperEu. Son eu, dicíame eu, pero

sempre á espreita, pletórica de enerxía, sen sombra de indecisión.

Malia consultar a programación no teletexto da canle –o único sitio onde a dera atopado–, nunca conseguía saber cando se emitiría unha aparición. Non era que esperase que viñesen anunciadas, pero intentaba detectalas, encontrar un xeito encuberto de predicilas. Ás veces cría enxergar patróns: cando anunciaban documentais de animais exóticos seguidos dun partido de tenis, ou cando había reemisións de actuacións musicais en directo de grupos nos que algún compoñente finara. Ou programas de bricolaxe con algún convidado famoso que tivera problemas coas drogas, co fisco, ou con ambos os dous. Inútiles intentos de establecer unha pauta nas aparicións de SuperEu, polo que me vía abocada ao *zapping* e á casualidade.

De calquera xeito, sentíame realmente afortunada. Ás veces os sermóns facíanse duros, pero eu precisaba algo así e, ben mirado, só eran bos consellos. Tiña oído de casos de xente á que dende a tele alguén lles mandaba matar a alguén, ás veces alguén concreto, outras entrar nun edificio e disparar ao chou... E que falar coa tele tiña os seus riscos, sen dúbida.

Se cadra por ter visto a miña avoa en circunstancias semellantes fora tan doado para min afacerme a aquilo. Miña nai adoitaba poñerlle a tele os domingos pola mañá, no inverno, para que escoitase a misa sen saír ao frío que percorría as rúas, e ela seguía a liturxia con máis atención e devoción que moitos dos que asistían á igrexa. Axeonllábase na consagración, recollíase en oración, e mesmo nos rifaba aos netos se andabamos preto

facendo ruído de máis. Claro que a avoa tiña demencia senil. Daquela eu tamén estaba demente? Era nova de máis para a súa doenza, pero podía ser unha variante, un caso prematuro. Quizais ambas as dúas tiñamos propensión a patoloxías relacionadas cos medios de comunicación.

Ela tiña unha escusa –ou motivo– máis: chegara á tele, mesmo ao tocadiscos, ben tarde, cando fora a vivir connosco, xa nos inicios da demencia, e por iso integraba o que saía por eses aparatos no mundo que ela coñecía e dominaba, de realidade física presencial, un mundo cada vez máis lonxe do noso arestora.

E eu? Eu herdara algo dela, fixo. Ademais xenético, moral. Sempre pensara que a convivencia coa miña avoa na súa progresiva tolemia me ensinara o fráxil do ser humano, o tan de carne que eran a mente e o espírito, pero estaba a descubrir que me deixara outra ensinanza na que agora afondaba, día a día. Dela aprendera que a realidade estaba formada tamén polo que eses aparatos emitían, de xeito tan certo, cun grao de existencia comparable ao que tiñamos ao alcance da man, coma calquera outra cousa que nos entrase polos sentidos. Ela inculcárame, sen eu me decatara ata ese momento, a súa fe na televisión.

## II

Unha afaise a todo, é ben certo. Logo de semanas de respectuosa audiencia, a actitude de muda escoita e devoción cara a SuperEu foi debilitándose, inevitablemente. Con frecuencia



crecente distraíame, perdía o fio do que dicía, ata chegar o momento no que mesmo lle contestaba de malos modos, farta de que me sermonase. SuperEu non me oía, claro. Ou facía como que non. Boa era SuperEu! Encantada co seu papel, a salvo no tubo. Pero eu empezaba a *perdérlleme* o respecto. Un día dei en pensar que, malia adoitar verme a eu de fóra guiada pola eu da tele, xa que seguía as súas indicacións e consellos, se cadra era a eu de fóra a que guiaba a eu da tele, e a pantalla era un teatriño onde asomaba o monicreque que eu movía para que me dixera esas cousas que eu xa estaba farta de me dicir.

O caso era que SuperEu xa non tiña ese forte ascendente sobre min, e a cousa chegou ao punto en que un día, zas!, fíxenlle *zapping* no medio dun *speech*. Foi algo semiautomático, o que me dicía xa entrábame por un oído e saíame polo outro, como os telexornais, os anuncios, os concursos, os documentais de viaxes, as series de humor, as revistas de cultura. Decateime ao cabo duns segundos e un par de canles, e volvíñ á de SuperEu. SuperEu estaba desconcertada, como esperando máis da conta a que entrase o vídeo dunha reportaxe ou que arranxaran algún problema co son. Non puideron evitar unha risiña malvada e volvíñ ao *zapping* de novo con ganas, pasando de cando en vez por SuperEu, como de esguello, a ver que cara tiña. SuperEu estaba xa a falar do tempo, e o parte meteorolóxico que daba, con chuvascos polo noroeste e sen mapa de isóbaras nin iconas ao uso, resultaba patético. Como estaba a gozar eu, SimplementeEu! Estábame a saír unha vea cruel que me divertía moito, e así continúei, dos anuncios aos videoclips, e dos informativos aos anuncios,

pasando a cada pouco por SuperEu, que xa non sabía de que falar, e comentaba vistas panorámicas do río Júcar.

Ensanchando coa satisfacción, seguín co meu *zapping* ata determe nunha canle –número 15– onde un rapaz de anel na orella e pelo descolorido habería un mes falaba cun grupo de convidados nun estudio, preguntándolles sobre estratexias no ligar. A conversa era moi animada, todos parecían moi divertidos. Sentín algo familiar na mirada do mozo á cámara, máis que familiar, algo propio, e pensei vagamente de que o coñecería. Cando el preguntou se algún dos convidados tivera unha cita ás cegas, eu dixen impulsiva que si, levantando un pouco a man. El mirou cara a min cun aceno significativo, e rápido, pero que eu sentín como unha longa paréntese en cámara lenta dedicada só a min, na cal o resto do faladoiro quedou conxelado á espera de que el tornase a prestarlles atención, mentres el me dicía mudo: *«xa o sei, muller, ti non fai falla que mo digas.»* E nese ollar atopeime. E tremín co achado. Dubidei se sería eu, exactamente eu, ou pola contra algo del que me gustaba moito e que quería como propio. Pero a súa imaxe devolvíame a mesma sensación de identidade que un espello, as nosas miradas compartían unha conciencia, e ese era un sentimento incuestionable. E que xa coñecía ben. E amais, se o miraba devagar, vía que nesa aparencia diferente tamén estaban os meus trazos. Era eu, outra vez eu, cunha noz prominente, a mandíbula e os ombros máis cadrados, pero eu.

Mirei o número da canle. Quince. Non me dicía nada especial. O logotipo tampouco. Tanto tiña. Eles rían outra vez. Xa das

técnicas de ligazón pasaran a quen se enredara con quen nas festas de famosos do verán. Vaites! Sen irlle á pel á xente, iso si, pero falábase, igual que, axiña puiden velo, de fútbol, de roupa, de medicina ou do que tocase, porque eran xente que falaba de todo o que fala a xente normal, algo de política, o seu pouco de astronomía –a choiva de estrelas de agosto, vaía–, algo de películas. E se ás veces se detiñan máis tempo no do corazón, pois que importaba, se falasen do que falasen faciano con humor e daba xenio oílos! Atopara outra parte de min, un elemento falangueiro, sociable, loubán. Tan novo, con tanto aquel! E, pensei, chea de lóxica, se ela é a SuperEu, el ten que ser o Isto. Pero Isto soábame moi impersoal, así que o chamei Evaristo, xa que logo Isto sería o diminutivo. E, claro está, empecei a visitalo asiduamente. Isto non soltaba *speechs* plúmbeos, ben ao contrario, se de algo se lle podía acusar era de frívolo. E encantador. Adoitaba ter bastantes convidados, como na primeira aparición, dedicados máis que nada a facer risas e a pasalo ben. Outras veces estaba só con unha ou dúas persoas e falaban máis intimamente, como de resaca dunha esmorga, el co pelo despeiteado, lixeiras olleiras e voz cansa e un pouco rouca, con risas repentinas recordando algún episodio divertido da noite de troula. Isto podía resultar superficial só aparentemente. Nas súas bromas víaselle unha intelixencia e un amor pola vida cos que me identificaba totalmente. “*Gozar, déixate levar, a disciplina é degradante, que es ti, unha máquina, unha operaria de ti mesma? Non te decatas de que o mellor da vida é fluír con ela, aproveitar as circunstancias? Non te podes aferrar a eses plans teus... Pecharte a traballar? Tóleas! Perdes o norte, o contacto coa realidade, e logo que pode valer o que fagas?*”. Non podía levarlle a contra.

Como non me ía identificar con Isto se era unha parte –esencial– de min? Fuxía das actitudes serias xa que podían virar pronto a graves, o rigor se cadra non era o seu punto forte xa que sempre o vía seguido da palabra ‘*mortis*’, e se abusaba de algo era do humor, aínda que non acre, senón con agarimo. Tan meigo. E para rematar tiña un aspecto físico agraciado, o necesario para que unha heterosexual atopase en si mesma unha diferida satisfacción das súas aspiracións amorosas. Isto insistía particularmente neste tema: *“Se a ti te gusta ese rapaz, porque lle das tantas voltas? Antes non eras así. Ías e facías. Vivías o momento. Se sae ben, estupendo, e senón, sempre será mellor que quedar amoucada e a rumiar. Que che pasa? Que é moi novo? Xa, claro, agora é tempo de que ti sexas a maior, non si? Con ese estilaso que tes, que importan unhas engurras? E se a el lle importan, outros haberá aos que non, dígocho eu. A min encántasme, e tanto me ten que me leves doce anos. Hai feeling, e iso é o que importa. Con que non te me poñas en plan nai, nin queiras ser adolescente tardía... Veña, dálle, polo menos terás intimidade con el, coñeceralo realmente, se cadra estás a facerte ilusións do que non hai, ha ha ha, vaia, iso seguro...”*

Volver enredar, volver namoriscarme, volver tomar en serio eses xogos! Seguín os seus consellos e aínda que a cousa non saíu moi ben e realmente faltoume convicción, o feito de me poñer en marcha, de recobrar o ánimo de enlear, fíxome crer que non estaba perdida. E deume tamén algo máis do que falar con Isto. Intimamos moito. Rímonos moitísimo. Era feliz, o que se di feliz, sen sombra nin dúbida. Tiña aí a Evaristo facéndome celebrar e vivir todo o que apetecía, dándome a sensación de fluidez e ledicia que xa tiña esquecida. E malia pasar agora moito máis

a miúdo por esa canle, non deixei por completo de visitar a SuperEu. Gustábame ir por alí de cando en vez e comprobar que seguía no seu papel, emitindo consignas e directrices: “*Tes que saír desa endogamia na que te abandonas, desa autofaxia que tan mal te está sentando...*”. Tiña nas súas reprimendas, ás que non lles prestaba verdadeira atención, a coartada perfecta para acalar posibles remorsos e poder tranquilamente ir á canle de Evaristo a pasalo ben.

Un, unha, sempre pensa no esencial dunha mesma como algo interior. Os pensamentos e emocións témolos dentro, aínda que sexan pouca cousa se non os deixamos saír, algúns polo menos, pero temos un corpo que é o soporte e o contedor da nosa personalidade, do que somos. Por moito que precisemos relacionarnos co exterior e que non sexamos nada sen os demais, o que somos está afincado –ou esa imaxe temos– no noso interior. E podemos chegar a aceptar que temos un eu diverso, con moitas facianas que se amosan só segundo as circunstancias, e que van cambiando co tempo. Pero aceptar que temos eus fóra de nós, iso non é doado de conseguir.

Pero eu conseguírao. Daba por completada a miña personalidade, xa estabamos todos: eu, SuperEu, e Isto. O que sempre quixen, díxenme chea de razón. Poderíamos ter sido unha pequena e nuclear familia, unha divina trindade, pero xa se sabe, mesmo os núcleos máis sólidos e firmes son susceptibles de ser esmiuzados. E liberaren unha tremenda enerxía de xeito violento.

### III

Abrira unha porta perigosa. Axiña empecei a notar que no meu interior bulían outras entidades loitando por saír, e sen atopar o modo. No sono axitábanse e falaban con voces estrañas; asalábanme repentinas transformacións, que non duraban máis duns intres, pero resultábanme moi preocupantes xa que me facían sentir en codias radicalmente distintas do habitual. Daquela volví peitear o espectro hertziano pregando para que saíran todas as canles dispoñibles, tentando darlle unha oportunidade a quen quixer de asomar e dicir o que tiver que dicir.

Empecei a frecuentar os bares con TV por cable a ver se por casualidade vía algo de min nalgunha canle que non podía sintonizar na casa, e cheguei mesmo a pedir o mando para facer *zapping* cando había pouca xente.

Non quería entrar en grandes superficies comerciais onde unha inmensa parede cuberta de televisores na mesma canle me amosasen unha nova faciana miña, insoportablemente repetida. Pero fun a pequenos e medianos establecementos de electrodomésticos co pretexto de mercar unha tele e contabiliceí ata cinco empregados, de distintos comercios, aos que lles pedín que me ensinaran a sintonizar canles como escusa para buscar eses meus eus hertzianos. Cando me decatei de que dous dependentes se facían acenos de burla sinalándome entendín que era tempo xa de adoptar outra estratexia.

Tiven coidado de comprobar se esa identificación me acontecía noutras circunstancias. Por exemplo, e en primeiro lugar,

coa xente de carne e óso, coas persoas que tiña diante. Seica cheguei a pórme pesada con iso, porque din en mirar a xente tan fixo e asemade o máis disimuladamente que podía, que tiña que resultar cando menos rara. Por sorte non topei con ningún esquizofrénico que se ofendese por lle querer ler a mente coa miña penetrante mirada e a miña decidida vontade.

Tiña que admitir, novamente, que unha visita a un psiquiatra non parecía fóra de lugar. Matinara niso dende a primeira aparición pero, por unha banda, a pouca confianza que tiña nese gremio e, por outra, o interesante que me resultaba a experiencia que estaba a ter, disuadíranme de facer esa consulta, ou máis exactamente fixeron que a fose pospoñendo. Ata desbotala. Pero dende logo tiña claro que necesitaba ampliar horizontes, saír desa reclusión, renderme á evidencia de que non era quen de vivir soa, tan soa, sen contacto real íntimo con outros seres humanos. Estas reflexións fixéronme sentir moi corda, e con enerxía abonda para imprimir un novo rumbo a miña vida. Sempre tivera amigos próximos, parella, e cando todo iso se esvaecera non era o momento para pecharse nunha mesma. Tiña que facer todo o contrario.

E fixéno. A fortuna axuda aos audaces. Dos covardes nada se escribiu. Fun, e contratei a tele de pago.

Instalárona.

Por fin, o tempo é chegado.

Sento fronte ao aparato co mando treméndome na man, disposta a coñecerme verdadeiramente a fondo, reloucando por

tratar con esoutra comunidade que sei que teño dentro. Fóra. Aínda sen situar. Vou sintonizando automaticamente canles varias, expoñéndome sen reservas ao que boten, esperando atopar integrantes da miña comunidade. E vaia se os atopo. Deus. É que somos unha multitude. Un predicador de igrexa evanxelista, estendendo o Reino e recadando fondos. Dúas xemelgas bastante repelentes, cun aire coas d'*O Resplandor*, que fan falcatruadas a todos os que as rodean. Un anunciante de préstamos persoais falso, falso. Un debuxo animado xaponés, unha heroína afoutada de mirada inexpresiva agás cando chora, é dicir, cando lle tremen unhas manchas azuis baixo os globos oculares. Un exorcista xubilado. Mágoa, víñame mellor en activo. Unha convidada especial que percorreu cemiterios e, principalmente, crematorios de todo o mundo realizando gravacións que vai presentar á audiencia. Un coala en plena sesta. Un comentarista deportivo especializado en ciclismo. Todos míranme con ese coñecemento de min –de nós– nos ollos, con esa evidente participación na miña –nosa– conciencia, que resulta indubidable que son parte de min, versións de min mesma.

Como podo ser tantas persoas? Non me estarei a confundir, a aceptar máis xente da que realmente forma parte de min, nun momento de ofuscación? Isto é como o 13 da *Rué del Percebe*. Síntome desbordada por tanta disparidade, estarrecida máis ben, pois son quen de sintonizar con todos eles, de percibir que somos o mesmo. Esgotada, devezco porque pare ese remuíño de identidades nas que me esparexo, teño o pulo de apagar a tele e rexeitar a evidencia atordante, achacala a un momentáneo sentimento oceánico que non ten porque



repetirse. Pero, lembrando o primeiro episodio acontecido con SuperEu, o que rexeito é o pulo de negación. Somos todos, teño que aceptalo. Para esta experiencia invasora non hai volta atrás. Síntome dada de si interiormente, cos elásticos cedidos e que xa non recuperarán nunca o seu tamaño orixinal. Só podo facer unha cousa: fuxir cara a diante. Seguir co *zapping* delirante ata anoxarme de todos os meus eus e variantes. E paso por un programa de cociña onde son un dos lambóns que están a esperar polo que se guisa mentres rillan petiscos sen parar, e unha muller maior que fala de libros con contida paixón e non tan contida verborrea, e son a estrela de mar amiga de Bob Esponxa, e logo unha gacela Thomson en áxil salto como se soubese que a cámara me contempla, pero non é a cámara o que me importa, senón os ollos que non perden detalle do grupo de leas que nos rolda, e por iso eses saltos rebordantes de enerxía amosando que a ela non hai quen a pille, haberá que lanzarse á outra, penso, porque son xa unha das leas axexantes que lle ten botado o ollo a un cervato que se despistou da nai, e son agora xa o cervato, e o medo e o intenso desexo de fuxir do perigo lévame a ser un rapaz que morreu atropelado nunha céntrica rúa e ao que van incinerar esa tarde, e o pánico apodérase de min, nunha vertixe insoportable son só a consciencia de que teño que saír como sexa dese turbillón, pecho os ollos, os beizos, os esfínteres e as aberturas todas do corpo das que teño noticia, pecho as mans arredor do primeiro que pillo, que non é o mando, e apérto ben forte cos ollos furiosamente pechados.

Só os abro cando sinto que o mundo acouga ao meu redor. Afrouxo un pouco o que trabei coas mans crispadas e decáto-

me entón do forte que apertei, deixando as marcas no brazo tatuado dun tipo que me mira cun aceno de dor e un xemido contido. Míroo con gratitude e céibolle o brazo. “*Estás mellor?*”, di el. Eu penso que si, que veño de estar tan mal que só cabe mellorar, pero non digo ren, só sacudo a cabeza afirmativamente. Aínda que teño un primeiro impulso de falar, unha escura prudencia faime pospoñer esa acción. Mírome, un pouco de esguello, as mans, os brazos, a metade inferior do tronco. Non me recoñezo. E case me alegre desa sensación. Non me sabía capaz de pór esas mallas fucsia nin de levar esas sortellas aparatosas. Respiro fondo, miro arredor e, aínda que tardo uns longos segundos, recoñezo o lugar, os mobles, e mesmo algunhas das caras dos que están alí. Sinto medo, outra vez, se cadra desta volta con máis razón. Estou no Gran Irmán! Como fun parar alí? Calma. Que eu saiba, nunca quixen vir a este programa nin a ningún semellante, como moito me terei preguntado se compensaría o que pagan pola exposición terrible á que un se somete, pregunta que xa amosa a miña falta de predisposición a tal cousa. Pero está claro que algo en min, na nosa comunidade de eus, buscaba esa exhibición, senón non tería chegado aquí. Iso é un axioma. Tan soa estiven que mesmo lle encontrei o punto a este zoo televisivo? Tal parece, pero agora que estou aquí só teño ganas de marchar. Polo visto, acabo de entrar ese mesmo día, para substituír ao expulsado da semana. E ademais, e aí o medo volve, forte, teño que estar polo menos unha semana enteira alí. A non ser que me expulsen non podo marchar. Tremor. Suor fría. Logo suor quente. “*De verdade que estás ben?*”, volve preguntar o ghi-cho aquel. A súa solicitude contradíse con algo no seu ollar,

xa antes mo pareceu. Evidente, estamos ante as cámaras, facendo puntos. Barallo rápido respostas que me acheguen á expulsión: «a) *A ti que che importa, mamón?* b) *Como vou estar ben se me estás a poñer enferma?* c) *Comparada contigo, estupenda.*» Pero novamente cabeceo, e non me atrevo a falar. Non sen escoitar antes, soa, a voz que teño. Vou ao cuarto de baño –“*Dende logo ben non estás, eh*”, escóitolle dicir ao prosma mentres me afasto– e xa alí pechada falo baixiño: “*Así que no Gran Irmán, eh, quen cho ía dicir!*”. Dáme un arrepío. Parece que falou alguén de fóra. Cómpre afacerse a esa voz axiña para non quedar de tola perdida. Volvo á frase anterior. “Parece que falou alguén de fóra”. Acontecerá agora ao revés, e alguén na súa casa identificase comigo? Se cadra. Busco unha cámara, que as hai mesmo nos retretes, e míroa fixo. Non noto nada, pero pode ser porque as imaxes destas non as emiten.

Xa fóra do baño miro fixo unha das cámaras e noto a conexión, encóntrome con alguén doutro lado. Claro, como non ía estar: “*Aguantá aí*”, penso, dígame, mírome, dígolle a alguén fóra: “*Non me deixes aquí soa con estes*”.

O do brazo tatuado –moito lle debín apertar que se cre con dereito a interpelarme decontino– dime que xa se nota que son nova, que non mire tanto as cámaras, que iso non o botan: “*Se queres que te saquen mirando a cámara, vai o Confesionario. Alí si*”.

Contéñome para non ir xa no intre e poñelo a feder.

Agora podo comprobar polo miúdo que o contraste entre o que é estar alí, e o que a maioría da xente que mira o programa

pode pensar que é estar alí, é inmenso. E tampouco me podo queixar, porque haber hai *realities* bastante máis duros nos que aterrar. Aquí o peor é o aburrimento, e a convivencia apertada ao máximo para que haxa rozamentos, claro, pero polo menos non idean probas complicadas e humillantes para que fagamos o ridículo sen disimulos. Déixannos abandonados a nós mesmos. Meu deus, logo de estar soa tanto tempo, de súpeto ter que convivir con tantas persoas, e sabendo que milleiros doutras te poden ver! Cantos milleiros? Porque isto, polo menos dende aquí, é un aburrimento total. E o de convivir é moito eufemismo de deus, para min é aturar esta xente, xente á que desprezo por viren a un programa onde non podes ter un libro para, xa non digo ler, senón polo menos tapar a faciana. E claro, eles escarállanse coas miñas ínfulas, “*E ti logo por que estás aquí?*”. “*Es parva ou que?*”. E eu calo, teño que calar, porque algún anaco de min, ao que agora non dou atopado, quixo tamén estar alí e a proba irrefutable é a miña presenza.

Para eles tampouco parece moi doada a situación, por moito que procuren agochalo. Hainos con meses de permanencia no sitio, e acúsano terriblemente nos seus ollares esgotados e receosos, nas súas susceptibilidades exacerbadas. Págase ben caro o dereito a estar aquí, o privilexio –discutible, e por un momento danme ganas de discutilo con todos os aquí presentes– de amosarte ao público, que outros te mirenen e desexen ser tí, ser para ese público un algo nas súas vidas, por escuro e inconsciente que sexa. Esta xente mírame moi mal. Quizais o privilexio sexa discutible, pero o prezo é certamente de carallo. Eu o único que quero é saír. E iso é o maior pecado

que aquí cometer se pode. Conseguir que me expulsen, será doado, supoño, de non ser que haxa máis xente co mesmo obxectivo. Iso non adoita acontecer nestes programas, máis ben nos de ‘supervivencia’ en ambientes hostís, aí si que se amorean as baixas e hai que aguantar as ganas de marchar, pero nestes de estudio non adoita haber problema, dime unha voz en *off*. Vale, só teño que mostrarme faltona e groseira –farei o esforzo, ha ha ha–, sucia, falar mal duns con outros e doutros con uns, dicir que o sitio é unha merda e que quero liscar.

Se cadra facelo con tal poder de convicción que lles fago ver a todos que, efectivamente, aquilo é un noxo, unha perda de tempo e dignidade, ata o punto de que, non o acredito, se forman atoamentos na porta de saída. Ou tamén, resulto tan insoportable cos meus fumes, os meus comentarios altivos e suficientes que, sabendo as ganas que teño de marchar, se esforzan por reterme alí e saborear o meu sufrimento, deleitarse co renxer dos meus dentes. Daquela comezo a buscar obxectos cos que poida ferir algún dos compañeiros –custoume chamalos así– e comprobo o estudado que está o mobiliario e o enxoval nese aspecto. O máis ferinte que atopo son os coitelos da manteiga e os meus tacóns do quince, nos que reparo con estrañeza. Collo un zapato e bótome enriba de Susi, a máis pequena das concursantes, decidida a mancala.

Mentres fantasío con estas andrómenas, na práctica adopto unha actitude abúlica e muda, catatónica. Abondará para que me boten de aquí? Pode. Só colaboro no tocante á limpeza, e mira que non che son moi mirada para iso, pero o espazo

é pequeno, temos que estar nel todo o puto día, e o menos que se pode pedir e que non se apodere del o caos e o lixo. E nesa tarefa limpadora empezo a ter puntos en común coa Ienni, a moza loura, bastante descarada, por non dicir xarela, e mesmo co Toni, o ghicho do brazo ao que me agarrei e que nun primeiro momento me caeu fatal, pero agora que gaba o meu calado e eficaz labor doméstico, vouno atopando máis tratable.

SuperEu, SuperEu, se te tivese escoitado non me vería agora neste transo! Isto, Isto querido, se tivese aterrado no teu faladoiro, outro galo nos cantara!

Á Ienni chega a ser divertida ás veces. Agarimosa, mesmo. A ela díxenlle que quería liscar de alí decontado. Ela non o entendeu, pero alentoume. *“Véñña, ánimo que só quedan catro días ata as nominacións... e eu heite votar”*. Que riquiña. Se cadra, porque ao marchar eu, ela asegúrase quedar alí polo menos unha semana máis. E aí decátome de que non quero ser nominada. Non. Marcharei porque quero eu marchar, pero nominada non. E empezo a interesarme polo resto dos compañeiros —xa case me sae esa denominación con naturalidade—, e a despregar simpatía. A falta de costume fai que renxa un pouco o mecanismo, pero devezoo por volver estar en forma. E ti, que estás aí a mirarme, que ben o noto, bótame unha man nas votacións, eh?